



A Cuberta

Se a embarcación leva cuberta, esta colócase sobre os baos. Está formada por un piso de táboas que cerra o casco pola parte superior e no que se abren ocos para acceder ós espazos interiores ou para coloca-lo pao da vela. Se estes ocos son moi grandes a cuberta queda reducida nos costados a dous espazos de paso estreito que se chaman 'corredores'. Na proa e na popa case sempre hai cuberta agás nalgúñas embarcacións abertas. Debaixo dela hai espazos para gardas pertrechos e capturas, que reciben diversos nomes: 'tilla', 'cubichete' ou 'cadeira'.

Nas embarcacións sen cuberta ou nos espazos abertos do casco colócanse bancos de costado a costado, onde se sitúan os mariñeiros encargados de remar ou de leva-lo temón. Como o fondo da embarcación ten forma de "V" colócase un piso que se chama 'empanetado'.

ENCONTRO 2002
embarcacións tradicionais

ALUMINIOS

BUEU S.L.

- *CRISTALERÍA
- *PERSIANAS
- *MANPARAS
DE BAÑO

Alexandre Bóveda, 26 BUEU
Tfno 986 320 052 FAX 986 320 052

ENCONTRO 2002
embarcacións tradicionais



MONTERO RÍOS
CANGAS